

“A LITERATURA FANTÁSTICA”

GUÍA DIDÁCTICA - SOLUCIÓN

1. Que hai en común e que diferenza ao xénero fantástico, a ciencia ficción e o terror? Os tres comparten que están ambientados lonxe da realidade. Pero a fantasía parece reservarse temas como a maxia, valentes cabaleiros, damas en perigo, seres mitolóxicos e buscas nun ambiente medieval, mentres que o terror ten lugar xeralmente no presente para aterrorizar ó lector, e a ciencia ficción no futuro, nun contexto altamente tecnolóxico.
2. Que supón para a literatura fantástica o Poema de Gilgamesh? Composición sumeria de 2000 a.C., sería un dos primeiros textos que incorporaron elementos como xigantes, deuses e intervencións sobrenaturais.
3. A que autores de fantasía épica internacional se corresponden estas obras?
 - El fénix en la espada - Robert E. Howard
 - La espada rota - Poul Anderson
 - Un mago de Terramar - Ursula K. LeGuin
 - La historia interminable - Michael Ende
 - Reinos Olvidados - R. A. Salvatore
 - Geralt de Rivia - Andrzej Sapkowski
 - Los Confines - Liliana Bodoc
4. En que é singular a obra de Terry Pratchett? Sérvese de estereotipos e clichés, para rirse deles e levar a fantasía heroica polos rumbos do humor e o esperpento en Mundodisco.
5. Marca se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións sobre Tolkien. Corríxeas cando sexa necesario.
 - Naceu en 1992. Non, no 1892
 - Naceu en Sudáfrica onde a familia se atopaba debido ao traballo do seu pai.
 - O nome Bag End (Bulseiro Pechado), que aparece nas súas principais novelas, O Hobbit e O Señor dos Aneis, é o nome da granxa da súa tía.
 - Coñeceu á súa muller nunha obra de teatro. Non, no orfanato.
 - Foi profesor de anglosaxón (inglés antigo) na Universidade de Cambridge. Non, na de Oxford.
 - É considerado “pai da literatura fantástica moderna”.
6. Entre que anos se publicou O señor dos aneis no Reino Unido? entre 1954 e 1955.

7. En que lugar e en que época se ambienta O Señor dos Aneis? Terra Media, durante o final da Terceira Idade da mesma.
8. De que libro é continuación O señor dos aneis? O Hobbit.
9. Por que esta obra é un verdadeiro exercicio de mitopoese? O escritor literalmente inventou un mundo completo coa súa xeografía, a súa historia, as súas linguas, lendas e cancións, creando un universo literario de profundidade e riqueza que dota á novela dun aire de verosimilitude, dando lugar a un verdadeiro exercicio de mitopoese (das palabras gregas que significan "creación de mitos") Menciona algún dos idiomas ficticios que Tolkien creou nesta obra: Quenya e o Sindarin.
10. Nomea algunha adaptacións cinematográficas das Crónicas de Narnia. "El león, la bruja y el armario", "El príncipe Caspian".
11. Que libros forman a saga El legado? Eragon, Eldest, Brisingr e Inheritance.
12. En Eragon, en quen está baseado o personaxe de Ángela? Na súa irmá.
13. Ademais de Dragonlance, que outras obras escribiron Margaret Weis e Tracy Hickman? La Espada de Joram, El ciclo de la puerta de la muerte, La Rosa del Profeta e La Gema Soberana.
14. Ordena cronoloxicamente:
 - El Nombre del Único (6)
 - El río de los muertos (5)
 - La tumba de Huma (1)
 - El Amanecer de una Nueva Era (3)
 - Conjuro de Dragones (4)
 - Los Caballeros de Takhisis (2)
15. Cantas editoriais rexeitaron Harry Potter nun primeiro momento? Oito.
16. Cal é o quinto libro da saga? Harry Potter e a Orde do Fénix
17. Con que título se adaptaron as novelas de Canción de hielo y fuego? Juego de tronos.
18. Quen é Daenerys Targaryen e que busca? É a filla exiliada do rei que foi asasinado noutra guerra civil hai quince anos, quen busca regresar a Poniente a reclamar os seus dereitos.
19. Que é o «crossover»? Libros que poden ser lidos por igual por adolescentes e por adultos.
20. Ademais de Crónicas de la Torre e Memorias de Idhun, que outras novelas escribiu Laura Gallego? Finis Mundi, La emperatriz de los Eféreos, Dos velas para el diablo, Donde los árboles cantan ou El Libro de los Portales.

21. Que diferenza a esta autora de Tolkien? O tema amoroso é tanto ou máis importante que o fantástico,
22. Que se publicará no décimo aniversario da publicación de La Resistencia? A Enciclopedia de Idhún (antes coñecida como Proxecto Elinaris).
23. Con que novela pretende Ábalos fusionar o xénero da novela xuvenil co da novela adulta? Kôt.
24. Que obra foi elixida “Libro notable do 2008”? Grimpow, el camino invisible.
25. Que novela xira en torno a Zemal, a lendaria espada de lume forxada polos Deuses? Quen é o autor? La espada de fuego; Javier Negrete.
26. Quen é o creador/a do personaxe de Anaíd? Maite Carranza.
27. Elia Barceló é unha das tres grandes escritoras de xénero fantástico en lingua española, quen son as outras dúas? A cubana Daína Chaviano e a arxentina Angélica Gorodischer.
28. Que é o Premio Gabriel? O galardón honorífico reservado para as máis importantes personalidades do xénero fantástico.
29. Como entende Gisbert o mundo fantástico? Como unha extensión da realidade cara ás súas moitas zonas aínda enigmáticas ou descoñecidas.
30. Quen foi o editor da Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega? Que temas recolle? Antón Risco. A proxección do Alén, o mundo de ultratumba, os mitos cultos do celtismo e a chamada Materia de Bretaña.
31. Que caracteriza o agroterror ou terror rural galego? Son historias ambientadas na Galicia rural coa súas lendas, e que comparten unha ambientación terrorífica ou misteriosa, en ocasión cun certo toque grotesco.
32. Con que sorprende Fernando M. Cimadevila a lectores e crítica? Coa novela O mundo secreto de Basilius Hoffman.
33. Que papel ten o fillo de Elena Gallego na creación de Dragal? Tentou escribir o que lle gustaría que el lese, achegando o mundo dos dragóns ás nosas propias tradicións”
34. Cantos centros galegos participamos nese curso no proxecto interdisciplinar para traballar Dragal. A herdanza do dragón? Sete.
35. Como recibiu a crítica e o público as adaptacións ao cine nos oitenta? Houbo algunha excepción? En xeral rexeitáronas, agás La princesa prometida.
36. Con que películas o cine fantástico comezou a ser rendible? El señor de los anillos: La comunidad del Anillo e Harry Potter y La Piedra Filosofal.
37. O cine fantástico posterior a estas dúas películas está baseado sempre en libros? Non sempre, ás veces os libros están baseados na película.